



O Alcalde de Cuntis acepta o pago dos trienios que reclamaba o voceiro do Partido Popular nun procedemento con risco e cheo de incertezas

O gasto total para o Concello de Cuntis ascende a 11.446 €, dos cales Antonio Pena percibirá 8.640 € malia efectuar a súa reclamación logo de deixar a Alcaldía, e non cando a ostentaba. O Alcalde de Cuntis efectúa o pago recoñecendo que existe risco de que nin a Seguridade Social nin a Axencia tributaria acepten a fórmula que propón.

Cuntis, 2 de abril de 2018. O Alcalde de Cuntis, Manuel Campos, vén de **decretar o pago dos trienios que o ex alcalde Antonio Pena (actual voceiro municipal do Partido Popular) reclamara en setembro de 2015**. Mediante decreto do pasado 23 de marzo, Manuel Campos acepta a petición de Antonio Pena, que **percibirá un total de 8.640'47 €**, malia que **o gasto para as arcas públicas municipais ascende a máis de 11.446 €** ao ter que abonar tamén as correspondentes cotas á Seguridade Social e á Axencia Tributaria. Todo isto malia as incertezas que o propio Alcalde recoñecera nun primeiro momento e que ratifica no propio decreto de pago.

No seu momento, o Alcalde de Cuntis anunciara a solicitude de diversos informes para comprobar se este pago lle correspondía facelo ao Concello de Cuntis, malia non ser esta a administración da que é funcionario o Sr. Pena e malia que **esta reclamación foi efectuada polo voceiro do PP superados os prazos indicados**, meses despois de deixar a alcaldía (tal e como indica o informe da intervención municipal ao que se fai referencia). No propio decreto de pago, **o Alcalde Manuel Campos constata 'e asume' que 'existe risco de tanto a Seguridade Social como a Axencia Tributaria non admitan a proposta' de pago que realiza o Concello de Cuntis**.

Dende o punto de vista de Veciñanza isto é verdadeiramente sorprendente e resulta certamente estrano que se ordee un pago destas características sen nin tan sequera saber se será válido. É tamén curioso que no propio decreto de pago non se faga referencia ningunha aos informes que o Sr. Alcalde dixera solicitar no seu momento, entre outros, da FEGAMP. Ademais, as dúbidas sobre este procedemento non rematan aquí, posto que o Alcalde efectúa o pago dos trienios da lexislatura pasada (2011-2015) imputándoos aos exercicios de 2014 e 2015, para que poidan entrar dentro do prazo dos últimos catro anos.

A reclamación por parte do Sr. Pena, fóra de prazo, dunhas cantidades económicas desta natureza, que nin se reclamaron durante o seu período como Alcalde nin foron incluídas no momento de fixar a súa dedicación exclusiva, foi **a primeira e ata o momento única inicitiva do Partido Popular nesta lexislatura**. Non se lle coñece máis actividade que a desta reclamación. Ata o día de hoxe, o Partido Popular non presentou ningunha moción ao pleno da Corporación e a súa presenza é absolutamente anecdótica; o seu traballo por Cuntis, nulo e inexistente.





Para Veciñanza, este pago e o sixilo co que pretendía efectuarse xera máis dúbidas que certezas, moitas delas expresadas xa no propio decreto de pago. Non se ve a garantía de que teña que ser o Concello de Cuntis o que asuma eses 11.446 € de gasto no seu Orzamento e non a propia Consellaría de Educación, da que é traballador o actual voceiro do Partido Popular. Non se aclara por que o Sr. Pena efectúa esa reclamación fóra de prazo e aínda así o Goberno Municipal muda a súa postura inicial e accede ao pago *'asumindo o risco'* de que a fórmula non sexa aceptada pola Seguridade Social nin pola Axencia Tributaria.

Veciñanza non cuestiona en absoluto o dereito dos/das traballadores/as e percibir os seus salarios e complementos, tal e como si fai o propio Partido Popular, pero si entende que esta 'operación' presenta moitas carencias tanto a nivel ético (por parte do Sr. Pena) como burocrático (por parte do Sr. Campos).

